

1 Relaciona os seguintes deportes co lugar onde se practican:

- | | | |
|-------------------------------------|---|------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> natación | <input type="checkbox"/> fútbol | <input type="checkbox"/> atletismo |
| <input type="checkbox"/> baloncesto | <input type="checkbox"/> ximnasia rítmica | <input type="checkbox"/> alpinismo |

1 polideportivo, 2 pista, 3 piscina, 4 cancha, 5 montaña, 6 estadio

2 Forma os contrarios destas palabras engadindo **in-**, **im-** ou **des-**:

- | | | | |
|---------------|-------------|---------------|-----------------|
| móbil | coser | visible | perfecto |
| posible | facer | tapar | obediente |

3 Subliña os demostrativos e relaciona con frechas:

- Pon esa alfombra aos pés da cama.
- Esta cadeira xa está moi vella.
- Teño que poñer estes reloxos en hora.
- Cambiei aquel colchón de la por un de látex.

preto
distancia media
lonxe

4 Completa as seguintes palabras con **r** ou **rr**:

- | | | | |
|------------|-------------|-------------|------------|
| ca.....o | fa.....o | en.....edar |ío |
| ve.....me | ma.....ón |ato | ma.....ea |
| te.....aza | xi.....asol | pi.....ata |ochas |

5 Le este contiño e contesta:

Estes eran uns peixes brancos que vivían nun río. Un día de verán, apareceu unha muller que viña a lavar. A nai peixe díxolles aos peixiños que se agochasen debaixo dunha pedra; pero os peixiños, curiosos, asomaron as súas cabezas. Cando a muller marchou, os peixes brancos se converteran en peixes de cores.

Gloria Fuertes: *El camello cojito* (tradución e adaptación).

Espazo: Onde viven os peixes?

Tempo: Cando ocorreu?